

COLLEGE DE MANTOÑA



XESTEIROIS
CURTIS

REGULAMENTO

1. Introducción

O trail vila de Cuntis é unha competición deportiva organizada polo Club de Montaña Xesteiras que percorrerá diferentes localizacións do concello de Cuntis.

O evento terá lugar o día 7 de abril de 2024 con saída e chegada na Praza das Árbores. No caso de choivas ou temporal, trasladarase ao pavillón municipal, situación a cal será previamente avisada aos participantes en tempo e forma.

A actividade rexerese polo presente regulamento e polo regulamento da Federación Galega de Montañismo no tocante ás carreiras por montaña e será Campionato galego Xunta de Galicia en liña individual 2024.

2. Distancias e Horarios

28

Saída ás 9:00

1500 m+

Cto Galego absoluto e promesa

15

Saída ás 9:30

700 m+

Cto Galego Junior e Xuvenil

9

Saída ás 10:00

450 m+

Cto Galego Cadete



3. Participantes, categorías e distancias

Poderán participar en calquera distancia as persoas maiores de idade. Os menores de idade terán limitada a súa participación tan só ás distancias 9k e 18k. O evento terá un máximo de 400 participantes (150/150/100).

A efectos do campionato galego de carreiras por montaña, os participantes estarán divididos nas seguintes categorías e subcategorías:

28K

Absoluto (masc. e fem.)
Veterán A (masc. e fem.)
Veterán B (masc. e fem.)
Veterán C (masc. e fem.)
Promesa (masc. e fem.)

15K

Junior (masc. e fem.)
Xuvenil (masc. e fem.)

9K

Cadete (masc. e fem.)

- **Categoría Absoluta:** será a partir dos 24 anos cumpridos no presente ano.

Subcat. Veterana A: de 40 a 49 anos, é dicir que non cumpra os 50 anos no ano 2024.

Subcat. Veterana B: de 50 a 59 anos, é dicir que non cumpra os 60 anos no ano 2024.

Subcat. Veterana C: a partir dos 60 anos cumpridos no ano 2024

- **Categoría Promesa:** comprende aos participantes de 21, 22 e 23 anos, é dicir, que non cumpran os 24 anos no ano 2024.
- **Categoría Júnior:** 19 e 20 anos, é dicir, que non cumpra os 21 anos no ano 2024.
- **Categoría Xuvenil:** 17 e 18 anos, é dicir, que non cumpra os 19 anos no ano 2024.
- **Categoría Cadete:** 15 e 16 anos, é dicir, que non cumpra os 17 anos no ano 2024.



4. Premios

Haberá dous sistemas de premiación independentes:

- Os premios outorgados pola federación galega de montaña (só para corredores e corredoras federados)
- Premios Trail Vila de Cuntis (para todos/as participantes).



Premios da Federación galega de montaña Campionato Xunta de Galicia individual en liña

Os trofeos entregados pola Federación Galega de Montañismo para os participantes nas probas correspondentes ao Campionato Xunta de Galicia de Carreiras por Montaña serán os seguintes:

28K

Absoluto (masc. e fem.)
Veterán A (masc. e fem.)
Veterán B (masc. e fem.)
Veterán C (masc. e fem.)
Promesa (masc. e fem.)

15K

Junior (masc. e fem.)
Xuvenil (masc. e fem.)

9K

Cadete (masc. e fem.)

Os premios da **Federación Galega de Montaña son acumulativos**, é dicir, un/ha mesmo/a corredor/a pode levar máis dun premio correspondente á categoría absoluta e ao mesmo tempo, o premio correspondente ao seu rango de idade. É dicir: O campión absoluto (entendido como aquel que entre por rigoroso orde na liña de meta) pode ser á súa vez, campión galego da categoría veterán.





Premios Trail vila de Cuntis

A organización do **Trail Vila de Cuntis** dará **premiación, por orde de entrada**, ás diferentes categorías do trail 28K.

As **categorías 15k e 9k** terá **carácter promocional**, co que só serán premiados aos 3 primeiros corredores e corredoras de cada distancia.

28K

Absoluto (masc. e fem.)
Veterán A (masc. e fem.)
Veterán B (masc. e fem.)
Veterán C (masc. e fem.)
Promesa (masc. e fem.)

15K

3 primeiros/as
corredores e
corredoras

9K

3 primeiros/as
corredores e
corredoras

Os premios da **do Trail Vila de Cuntis NON son acumulativos**, é dicir, un/ha mesmo/a corredor/a non pode levar máis dun premio correspondente á categoría absoluta e ao mesmo tempo, o premio correspondente ao seu rango de idade.

É dicir: Se un corredor veterán resultase gañador absoluto (entendido como aquel que entre por rigoroso orde na liña de meta) recibirá o premio como podium absoluto e non recibirá premio da categoría veterán.



A entrega de premios terá lugar ás 13:30 horas



5. Prezo

Prazo límite de inscrición: **3 de Abril de 2024**

28K

FEDERADOS: 20€

NON

FEDERADOS: 25€

15K

FEDERADOS: 14€

NON

FEDERADOS: 19€

9K

FEDERADOS: 8€

NON

FEDERADOS: 13€

Dita inscrición dá dereito a participar na proba, seguro de asistencia sanitaria e de responsabilidade civil, avituallamentos, duchas, comida postcarreira e cantos obsequios ou regalos poida conseguir a organización.

Política de devolución

Contémplase a posibilidade de anulación da participación na proba **SÓ** por motivos de saúde e acompañado do informe médico pertinente que así o indique.

Neste caso, a organización ofrecerá a devolución do importe (menos os gastos de xestión da devolución) ou a reserva dun dorsal para vindeiras edicións.

6. Sinalización e Controis

O percorrido estará sinalizado con **bandeirolas de cor vermello** sendo obrigatorio o paso polos controis establecidos. Haberá un ou varios puntos de control intermedio coincidentes cos avituallamentos.



7. Tempos de Paso

28K

Punto de Corte: Km7, lugar de sebil
Tempo de paso límite: 10:10 horas, 1h 10m
despois da saída. (ritmo 10 min/1km).

15K

Punto de Corte: Km5, lugar de Castro Sebil.
Tempo de paso límite: 11:00 horas, 1h:30m
despois da saída. (ritmo 15:00 min/1km).

9K

Non existirá tempo de corte.

Así mesmo os 'Corredores escoba' ou o responsable de cada control terán potestade para retirar da proba a calquera corredor/a si o seu tempo en carreira ou o seu estado de saúde así o aconsella. O/A corredor/a que se retire durante o transcurso da proba, deberá avisar ao control máis próximo e facer entrega do dorsal.

8. Avituallamentos

28K

Km 5 Líquido e sólido
Km 12 Líquido e sólido
Km 21 Líquido e sólido
Km 25 Líquido e sólido

15K

Km 5 Líquido e sólido
Km 10 Líquido e sólido

9K

Km 5 Líquido e sólido



9. Material Obrigatorio

Salvo que na reunión técnica previa ou mediante comunicado da organización, e de forma xustificada, se indique o contrario, todos os participantes estarán obrigados a levar, como mínimo, o seguinte material:

- Chaqueta cortaventos con capucha e manga longa da talla correspondente ó corredor/a.
- Manta térmica de supervivencia (mínimo 1,20 x 2,10).
- Reserva de auga (mínimo 1 litro).
- Teléfono móbil encendido e con batería suficiente.
- Chifre.

O material obrigatorio poderá ser requirido polos árbitros da FGM no control de dorsais e nas partes do percorrido destinadas a tal efecto, e todos os corredores están obrigados a someterse a este control, baixo pena de sanción ou descualificación da carreira.

O uso de bastóns será voluntario, pero no caso de saír con eles, deberán levalos durante toda a proba.

Non está permitido o uso de equipos de música durante o transcurso da proba, nin tampouco levar tapóns ou auriculares nos oídos por motivos de seguridade.

10. Outras consideracións

DESCUALIFICACIÓNS:

Quedarán descualificados/a desta proba aquel ou aquela participante que non cumpra o presente regulamento, non complete a totalidade do recorrido, deteriore ou ensucie o entorno, non leve o seu dorsal ben visible ou desatenda as indicacións da organización.

MODIFICACIÓNS:

A organización resérvase o dereito a realizar as modificacións que considere necesarias en función dos diferentes condicionantes, así como a suspensión da proba se as condicións meteorolóxicas obríganlo e exista un aviso importante ou extremo comunicado pola AEMET ou METEOGALICIA, ou por forza maior sen que iso signifique a devolución do importe íntegro ou parcial da inscrición.

OBRIGAS DO CORREDOR

Os/as participantes están obrigados a auxiliar aos accidentados e a respectar as normas de circulación nos cruces de estrada.

VEHÍCULOS DE APOIO:

Os únicos vehículos autorizados a seguir a proba serán os designados pola organización quedando totalmente prohibido, para evitar posibles accidentes, seguir aos corredores en moto, bicicleta, quad por todo o recorrido

RESPONSABILIDADE DA ORGANIZACIÓN:

A organización declina toda responsabilidade en caso de accidente, negligencia, así como dos obxectos perdidos de cada participante. Os participantes exoneran á organización de toda responsabilidade en caso de accidente ou lesión. En todo o non contemplado neste regulamento, a proba basearase nos regulamentos da Federación Galega de Montañismo e da Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME)



11. Menores de idade

Para disfrutar da participación no evento con cobertura do seguro de accidentes durante a proba, é necesaria a autorización e firma dos pais ou tutores legais do/a menor. Para eso, deben completar o formulario adxunto na web de inscrición e presentalo no momento da recollida do dorsal.

A firma de este documento autoriza á publicación de fotografías e vídeos da ruta por parte da organización en actividades relacionadas co obxectivo da mesma, en caso de que se recollera a imaxe do/a menor durante a celebración do evento.

12. Protección de datos

Todo participante, ao formalizar a súa inscrición, está autorizando a publicación dos seus datos persoais necesarios para o desenvolvemento da proba, xa sexa nos listados oficiais, en medios de comunicación e/ou internet, así como, o seu uso para o envío de información relativa ao evento, incluídas posteriores edicións. Igualmente autoriza a que as imaxes recabadas (fotografía ou vídeo) se poidan utilizar de forma atemporal en calquera publicación ou acción publicitaria, co único fin de promoción e difusión do evento.

Cada participante é responsable da veracidade dos datos proporcionados na súa inscrición, e consinte que ditos datos se incorporen a un ficheiro automatizado, do que é responsable CdM Xesteiras. O titular dos datos terá dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

